

POSIBLES IDEAS PARA  
UNHA HOMILÍA CON NENOS  
09 XUÑO 2019

**O Espírito Santo asolágoa todo.**

**1. VER: O Espírito é o descoñecido**

-Podemos comezar dialogando **quen é o Espírito Santo**, que fai hoxe na Igrexa, como o representamos, como actúa hoxe.

-Constatamos que é **menos coñecido** que o Pai e o Fillo, que talvez lle rezamos pouco, sabemos poucas oracións nas que invocamos... “Gloria ao Pai” ...

-**A experiencia de PENTECOSTE** \*Hai un antes e un despois nos apóstolos ao recibir o Espírito Santo: portas pechadas a portas abertas, do medo á coraxe, da tristeza á ledicia, da escuridade á luz, do silencio ao anuncio público...

***Que sabes do Espírito Santo? Rézaslle?***

**2. XULGAR: O Espírito Santo asolágoa todo**

-No evanxeo de hoxe, día de Pentecoste, Xesús resucitado aparéceselles aos apóstolos dálles a paz e un agasallo especial: “Recibide o Espírito Santo”.

**QUE NOS QUERE DICIR?**

**1. Para entender que é o Espírito Santo podemos valernos de 2 exemplos:**

\***Os globos:** Podemos facer un xogo de globos que aprendan a facer diferentes figuras con globos alongados (globoflexia):

canciño, espada, flor? Para que un globo voe e para facer figuras hai que enchelo de aire. **Pentecoste é o día en que Xesús soprou vida á Igrexa**, recibiu o aire do Espírito para ser o que Xesús quería que fose.

**\*As pilas:** Todos temos xoguetes con pilas. Que ocorre se as pilas están gastadas? Aínda que non vemos as pilas notamos os seus efectos: as luces, os movementos, os sons... Isto é o que fai o Espírito Santo en nós: dános a forza para crer en Deus, para ir á misa, para perdoar ao que nos fixo mal, para gastar o tempo co que nos necesita, para vivir alegres... E se poñemos as pilas novas o coche vai a lume de biqueira. O mesmo pásanos aos cristiáns co Espírito.

2. **O Espírito asolaga toda a nosa vida, a igrexa e a sociedade** (debuxo Fano): envólveo todo, invádeo todo para que non triunfe o desánimo, a indiferenza ou a falta de coraxe naquilo que temos que levar adiante. Impulsa os misioneiros a levar a mensaxe de Xesús, aos papás a falarlles aos seus fillos de Xesús, a nós a entender a Palabra e a facela vida, a recibir a graza nos sacramentos, ao Papa a renovar a Igrexa, aos mozos a dar o seu si a Xesús, aos cansos a ser fortes, aos cristiáns a entusiasmarlos e vivir alegres, a nós a ver os necesitados e botarlles unha man.

***Descobres a Xesús na vida? Que che pide hoxe no evanxeo?***

### **3. ACTUAR: Familiarizarnos co Espírito Santo**

-Buscamos algunha oración ao Espírito Santo e imprimímola para rezala todos os días. -Facemos un cartel cos dons do Espírito Santo. -Descubrimos o Espírito onde hai ledicia, renovación, na nosa escena cotiá dando altura de miras, empuxe...

***Que podemos facer?***

# A PALABRA

**Feitos dos Apóstolos 2, 1-11** *Enchéronse todos de Espírito Santo e empezaron a falar.*

Ao cumprirse o día de Pentecoste, estaban todos xuntos no mesmo lugar.

De súpeto, produciuse desde o ceo un estrondo, como de vento que sopraba fortemente, e encheu toda a casa onde se atopaban sentados. Viron aparecer unhas linguas, como labaradas, que se dividían, pousándose encima de cada un deles. Enchéronse todos de Espírito Santo e empezaron a falar noutras linguas, conforme lles concedía o Espírito.

Residían entón en Xerusalén xudeus devotos vindos de todos os pobos que hai baixo o ceo. Ao oírse este ruído, acudiu a multitude e quedaron desconcertados, porque cada un oíaos falar na súa propia lingua.

Estaban todos estupefactos e admirados, dicindo: «Non son galileos todos eses que están falando? Entón, como é que cada un de nós os oímos falar na nosa lingua nativa? Entre nós hai partos, medos, elamitas e habitantes de Mesopotamia, de Xudea e Capadocia, do Ponto e Asia, de Frigia e Panfilia, de Exipto e da zona de Libia que limita con Cirene; hai cidadáns romanos forasteiros, tanto xudeus como prosélitos; tamén hai cretenses e árabes; e cada un oímolos falar das grandezas de Deus na nosa propia lingua»

## Palabra do Señor

**Salmo 103: R.** Envía o teu Espírito, Señor, e renova a faciana da terra.

**1ª Corintios 12, 3b-7. 12-13 Fomos bautizados nun mesmo Espírito, para formar un só corpo.**

**Xoán 14, 23-29: O Espírito Santo iravos recordando todo o que vos dixen.**

**Narrador:** Á noitiña daquel día, o primeiro da semana, estaban os discípulos nunha casa, coas portas pechadas por medo aos xudeus. E nisto entrou Xesús, púxose no medio e díxolles:

**Xesús:** -«Paz convosco».

**Narrador:** E, dicindo isto, amosoulles as mans e o costado. E os discípulos enchéronse de ledicia ao ver ao Señor. Xesús repetiu:

**Xesús:** -«Paz convosco. Como o Pai me enviou, así tamén vos envío eu».

**Narrador:** E, dito isto, soprou sobre eles e díxolles:

**Xesús:** -«**Recibide o Espírito Santo;** a quen lles perdoedes os pecados, quédanlles perdoados; a quen llelos reteñades, quédanlles retidos».

***Palabra do Señor***

*(Narrador-Xesús)*